



**Concello de Valdoviño
(A Coruña)**

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



ANUNCIO

Expte TEDEC: 2025/U028/000003

Asunto: Prórroga de autorizacións para o exercizo da venda ambulante no recinto feiral municipal na anualidade do 2026.

Polo presente comunicase que o Sr. alcalde, Alberto González Fernández, aprobou o día 23 de xaneiro de 2026 a resolución nº 14/2026 relativa á prórroga das autorizacións para o exercizo da venda ambulante no Feirón de carácter mensual para o ano 2026, co devandito tenor literal:

“ANTECEDENTES DE FEITO:

Considerando a resolución de alcaldía nº 386/2021, do 29 de xullo de 2021 pola que tras a crise da Covid-19, se reactiva a actividade de venda ambulante no recinto feiral municipal.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

A ordenanza reguladora da venda ambulante do Concello de Valdoviño, publicada no BOP núm. 139 do 24 de xullo de 2015, establece:

- **no artigo 20 o procedemento de concesión de autorizacións** para o exercizo da venda ambulante no feirón do último domingo de mes no Concello de Valdoviño.

A tal efecto no punto 3 dispón:

“Duración das autorizacións.

20.3.1.- As autorizacións que habiliten para a venda en mercados periódicos terán unha vixencia de un (1) ano natural, caducando automaticamente a 31 de decembro. Tratándose de autorizacións concedidas durante o ano ao que se refiran, a súa vixencia abarcará dende a data de concesión ata o final do ano natural.

A autorización será prorrogable anualmente de forma expresa por idénticos períodos ata un máximo de cinco anos, logo da solicitude, cunha antelación mínima de quince días naturais á data de finalización da autorización vixente.

20.3.2.- Aqueles titulares das autorizacións que non soliciten a renovación no prazo establecido perderán o dereito ao exercicio da actividade.

20.3.3.- A solicitude de renovación farase en impreso normalizado ao que se achegará a declaración responsable na que manifeste o cumprimento dos requisitos do artigo 10 desta ordenanza.

20.3.4.- As autorizacións serán prorrogables anualmente de forma expresa por idénticos períodos ata un máximo de cinco anos...”

Á vista das solicitudes presentadas, dos fundamentos legais expostos, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.q) e 25.2.i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia,



**Concello de Valdoviño
(A Coruña)**

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



RESOLVO

PRIMEIRO.- Conceder a prórroga para a anualidade 2026 das autorizacións de venda ambulante no recinto adicado á feira municipal de Valdoviño aos interesados que o solicitaron e que se relacionan de seguido.

A autorización queda suxeita ao pago da taxa establecida no artigo 3 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por “puestos, barracas, casetas de venta espectáculos o atracciones en terrenos de uso público e industrias callejeras ambulantes” no Concello de Valdoviño, modificada e publicada no BOP núm. 139 tendo en conta os metros solicitados polos interesados, conforme se indica na táboa:

Nº	APELIDOS	NOME	NIF Interesado	M. L.	Data D.R.	Taxa	Nº DOC
1	BATALLA SABORIDO	MARIA JESUS	***1154**	3	09/12/2025	18	2841
2	BORJA JIMENEZ	ALFREDO	***9616**	6	09/12/2025	36	2851
3	CASAS LORENZO	MARIA GLORIA	***8288**	6	09/12/2025	36	2848
4	CASTELO CAMPELLO	ANTONIO	***6850**	8	09/12/2025	48	2852
5	CASTRO FILGUEIRA	ANGELA M ^a	***9560**	3	09/12/2025	18	2846
6	CENDAN JANEIRO	MARIA DEL PILAR	***6916**	8	30/12/2025	48	1679
7	CHAS GUTIERREZ	NOELIA V.	***9633**	9	09/12/2025	54	2837
8	DÍAZ SUÁREZ	ALFREDO JOSÉ	***7827**	8	09/12/2025	48	2839
9	DUAL ROMERO	ALFREDO	***2186**	8	09/12/2025	48	2828
10	DUAL VAZQUEZ	MANUEL	***2770**	15	09/12/2025	90	2833
11	FERNANDEZ VILELA	MIGUEL AMADOR	***9547**	2	09/12/2025	12	2847
12	GARCÍA CORTIÑAS	PASCUAL	***3166**	8	09/12/2025	48	2838
13	GARCIA PITA	MÓNICA	***7973**	6	09/12/2025	36	2832
14	GUEYE LO	KHADIM	***8375**	9	09/12/2025	54	2827
15	JIMENEZ BARRULL	FELIPA	***1332**	8	09/12/2025	48	2842
16	JIMENEZ FLOREZ	MARCOS	***7110**	8	09/12/2025	48	2853
17	JIMENEZ JIMENEZ	SAMUEL	***2531**	6	09/12/2025	36	2854
18	JIMENEZ JIMENEZ	JUAN	***1635**	5	09/12/2025	30	2829
19	MARTÍN ENRIQUEZ	IGNACIO	***2538**	12	09/12/2025	72	2840
20	PATATAS HORTALIZAS TERRA	Antonio Alvariño Díaz	***4410**	6	09/12/2025	36	2830
21	PÉREZ CORTÉS	NERINA	***0748**	12	09/12/2025	72	2849
22	REY YAÑEZ	JULIO	***5337**	10	09/12/2025	60	2844
23	RODRIGUEZ GARCÍA	ALBERTO	***8154**	6	09/12/2025	36	2845
24	SOW	OUMAR	***1987**	6	09/12/2025	48	2850
25	SUAREZ GABARRE	ANA MARÍA	***1946**	8	09/12/2025	48	2836
26	SUAREZ SALAZAR	JOSEFINA	***6468**	8	09/12/2025	48	2835
27	TAPIA RUA	GONZALO	***6312**	4	09/12/2025	24	2834
28	TAYEBI MBARK	MOHAMED	***2281**	8	09/12/2025	48	2843
29	XAMÓN PURA LANDRA S.L.U.		***3988**	11	19/01/2026	66	2026999 00000071



**Concello de Valdoviño
(A Coruña)**

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



VALDOVIÑO

30	MONTOYA SALAZAR	CRISTINA	***8632**	10	09/12/2025	60	2831
----	-----------------	----------	-----------	----	------------	----	------

O pago da taxa pode facerse efectivo:

- Mediante ingreso na seguinte conta bancaria indicando no asunto: "F26 e nome e 1º apelido":

Entidade financeira	IBAN	Número de conta
ABANCA	ES47	2080 0213 5431 1000 0026

- Mediante carta de pago que se solicitará nas dependencias municipais e entregando, posteriormente, o xustificante de pagamento.

A venda levarase a cabo no recinto adicado á Feira Municipal o último domingo de cada mes.

Non entanto, cando circunstancias derivadas de acontecementos especiais, causas de forza maior ou razóns de orde pública así o aconsellen, poderán suspenderse temporalmente as autorizacións, modificar datas ou horarios ou determinar novos emprazamentos sen que isto xere dereito a indemnización de ningún xeito a prol dos autorizados e sen prexuízo do establecido na ordenanza fiscal sobre o posible prorrateo da taxa.

SEGUNDO.-Publíquese a presente Resolución no Taboleiro de Edictos municipal para o coñecemento dos interesados con traslado do recurso que proceda.

En Valdoviño na data da sinatura electrónica,
O Alcalde, Alberto González Fernández."

RECURSOS

Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer alternativamente:

- a) o **recurso potestativo de reposición** regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Comun das Administracións Publicas no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación.
- b) Ou directamente, **recurso contencioso-administrativo**, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdiccion Contencioso- Administrativa.

Se optase por interpoñer o recurso potestativo de reposicion non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a sua desestimacion por silencio administrativo.

Todo esto sen prexuízo de que poida interpoñer Vd. calquera outro recurso que puidese estimar mais convinte ao seu dereito.



**Concello de Valdoviño
(A Coruña)**

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



VALDOVIÑO

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa).

INSTRUCCIÓNS PARA EFECTUAR O INGRESO:

PRAZO:

Segundo o artigo 62 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria:

- a) Se a notificación da liquidación realízase entre os días un e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- b) Se a notificación da liquidación realízase entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

CONSECUENCIAS DA FALTA DE INGRESO

O vencemento do prazo de ingreso en periodo voluntario, sen terse satisfeita a debeda, determinará o incio do procedemento de recadación en vía executiva que determinará a esixencia dos intereses de mora e dos recargos do periodo executivo nos termos dos artigos 26 e 28 desta lei, e no seu caso, das costas do procedemento da poxa de prema.

En Valdoviño a 23 de xaneiro de 2026.

O Alcalde, Alberto González Fernández.